



NOTA DE PRENSA

Os traballos empezarán o martes 31 de agosto

O Concello de Boiro asfaltará toda a Avenida da Constitución a vindeira semana

Boiro, venres día 27 de agosto de 2010. O Concello de Boiro adxudicou á empresa “Nosa” a reparación de toda a Avenida da Constitución, que será asfaltada cunha capa de microasfalto e se pintará toda a sinalización horizontal.

Os traballos empezarán o martes, día 31 de agosto, no tramo comprendido entre os semáforos do cruce coa Avenida de Barraña ata a rotonda de Cimadevila, polo que quedará prohibido o estacionamento en toda a rúa a partir das 00.00 horas do martes. O goberno boirense elixiu este día, festivo local pola celebración de San Ramón de Bealo, para entorpecer o menos posible o tráfico e causar as menores molestias posibles a veciños e comerciantes desta avenida.

O mércores retomaranse os traballos no tramo comprendido entre os semáforos e o entronque coa AC-305, polo que os vehículos non poderán estacionar nesta rúa a partir das 00.00 horas do mércores 1 de setembro. Calcúlase que as obras rematarán o xoves.

O Concello de Boiro informa que, a través de Policía Local e Protección Civil, se instalarán as vallas e a sinalización necesaria para que os condutores poidan tomar as vías alternativas.

Finalmente, pide desculpas aos veciños polas molestias que se poidan ocasionar, mais se trata dunha actuación necesaria, para cuxa execución agardouse ao remate dos meses de maior afluencia de visitantes, e antes de que empecen as choivas.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro